



FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



CIRCULAR Nº 4

TEMPORADA 2019/20

NORMATIVA DOS CAMPEONATOS GALEGOS

- PRE-BENXAMÍN
- BENXAMÍN
- ALEVÍN
- INFANTIL
- XUVENIL
- SUB-23
- VETERANO
- DISCAPACITADOS FÍSICOS/INTELECTUAIS
- ABSOLUTO

NORMAS XERAIS

1. Os **clubes organizadores** dos campionatos galegos, deben aportar todos os trofeos en disputa.
2. Os **prazos de inscrición** deben rematar 10 ou, como máximo, 12 días antes da celebración, no caso da disputa dun máximo de 2 campionatos simultáneos, e do mesmo xeito que no caso anterior pero establecendo 2 prazos cun intervalo de 2 días, no caso de que se convocaran simultaneamente 3 ou máis campionatos.
3. Para poder inscribirse nos campionatos galegos é preciso ter **licencia** galega ou española en vigor, no intre do peche da inscrición.
4. Para a disputa dunha proba a **inscrición mínima** deberá ser de 4 equipos, 8 individuais e 8 dobres. Se nunha proba non se acada a cota mínima, farase unha única proba xuntando masculinos e femeninos, ou xuntando probas por categorías de idade.
5. En todos os campionatos o **1º día** disputaranse as probas de individuais e dobres, e o **2º día** as de equipos, agás cando se disputen 2 campionatos ó mesmo tempo.
6. Cando teñan lugar dous campionatos na mesma fin de semana, deben disputarse as probas de individual e dobres do de maior participación ou o de maior



- categoría e a proba de equipos do outro, o **1º día**, e á inversa o **2º día**, coa finalidade de que o xuíz árbitro aproveite mellor os recursos materiais e humanos.
7. Ningún xogador poderá participar en **2 probas** de diferentes campeonatos o mesmo día.
 8. Os **cabezas de serie** de tódalas categorías e probas, designaranse tendo en conta o ranking galego, agás a proba de equipos absolutos, que se determinará pola categoría e a clasificación oficial nas ligas, no intre de facer o sorteo.
 - a. Na proba de **equipos**, determinaranse sumando os puntos que teñen os xogadores no ranking galego tendo en conta o sistema de xogo:
 - Corbillón, a suma dos 2 mellores xogadores inscritos en cada equipo.
 - Copa do Mundo, a suma dos 3 mellores xogadores inscritos en cada equipo.
 - b. Nas probas de **dobres**, determinaranse sumando os puntos que teñen no ranking galego, os xogadores que compoñen cada parella.
 9. Aplicarase o **ranking** do circuío galego en sentido estricto.
 10. Na modalidade de equipos non se permitirá a participación con **xogadores de diferentes clubs**, en ningunha categoría.
 11. Sempre que a inscrición, o nº de mesas ou o tempo dispoñible o permita, as **fases das probas** poderán facerse:
 - a. En individuais e equipos: en grupos na 1ª e 2ª fase e eliminatorias na fase final, ou por eliminatorias directas buscando o máximo nº de postos posible.
 - b. En dobres: por eliminatorias directas.
 12. Os **grupos** serán preferentemente de 4/5 en individual e de 3/4 en equipos. De xeito excepcional, para unha mellor organización da competición, se poderán facer grupos de 3/6/7 en individual ou, de 5/6 en equipos.
 13. **¡IMPORTANTE!** Non se poderán facer **modificacións ou altas de inscricións** unha vez pechado o prazo para individuais, dobres e equipos, coas únicas excepcións a esta norma para o caso de **substitucións** como se indica a continuación:
 - a. Nas probas de **equipos**, poderase substituír un xogador por outro sempre que:
 - Se comunique antes do comezo da competición.
 - Non se cubra cun xogador previamente xa inscrito nun equipo do mesmo club, salvo que o equipo no que estivese inscrito inicialmente causara baixa ou tivera máis xogadores do mínimo permitido.
 - Ter tramitada a licenza polo club co que desexa participar.
 - b. Nas probas de **dobres**, poderase substituír un xogador ou parella, cando un xogador da parella correctamente inscrita cause baixa, sempre que:



- Se comunique a baixa e a alta con, polo menos, 2 horas antes do comezo da proba.
 - O xogador substituto debe ser un xogador inscrito na proba individual ou de equipos do campionato.
 - A parella quedará encadrada na mesma posición que tiña orixinalmente no sorteo.
 - Se se producise unha baixa de dous xogadores de parellas distintas e os xogadores xuntáranse nunha única parella, a posición no cadro desta nova parella, será a que ocupará inicialmente a parella de maior ranking, ou ben se sortearía entre as dúas posicións se fosen do mesmo ranking.
- c. Nas probas **individuais**, poderase substituír un xogador unicamente cando este estea correctamente inscrito, cause baixa e sempre que:
- Se comunique nas mesmas condicións que cando se produza unha baixa en dobres.
 - Substituíra ó mesmo xogador na proba de equipos e/ou dobres.
 - Non teña mellor posición na clasificación oficial da categoría na que se produza a baixa.
 - Un xogador que sexa substituído en calquera proba causará baixa para o resto das probas do campionato que queden por disputar, é dicir, non poderá participar nas probas de individuais, dobres e equipos.

O xogador substituto deberá ter licencia en vigor antes do peche de inscricións.

14. Non se disputarán os **3º/4º postos** de tódalas probas.
15. Haberá **trofeos ou medallas** para os 4 primeiros (campeón, subcampeón e semifinalistas), en todas as categorías. Na modalidade de equipos, ademais do trofeo para os equipos, haberá medallas tamén para os xogadores.
16. Agás nas categorías alevín, benxamín, pre-benxamín e veterano, non se permite a **participación de xogadoras** en equipos masculinos. Nas categorías alevín e benxamín e pre-benxamín, se terán en conta as normas específicas.
17. As **probas a convocar** en todos os campionatos, a excepción do pre-benxamín, veteranos e discapacitados, serán as seguintes:
 - a. Individuais masculinos e femeninos.
 - b. Dobres masculinos e femeninos
 - c. Equipos masculinos e femenino.
18. As **cotas máximas** de participación serán as seguintes:
 - a. 12 equipos masculinos.
 - b. 8 equipos femeninos.
 - c. 40 individuais masculinos.
 - d. 24 individuais femeninos.
 - e. 16 dobres masculinos/femeninos.



19. Non se farán **cambios nos sorteos** unha vez publicados os listados e os sorteos definitivos, aínda que se comuniquen baixas que afecten a cabezas de serie.
20. As **baixas** que se produzan en calquera proba serán cubertas polos reservas, ocupando o posto que se produciu nesa vacante.
21. Calquera **baixa** por enfermidade, lesión, convocatoria de selección, etc., que se produza fóra de prazo, terá que ser xustificada documentalmente ante o xuíz árbitro.
22. A Federación Galega deixará 2 **prazas de reserva** para casos excepcionais e xustificadas, que entrarían dentro das cotas establecidas.

CAMPEONATO GALEGO ABSOLUTO

1. Disputarase unha fase de grupos na que participarán os equipos de Superdivisión, División de Honra, 1ª Nacional e 2ª Nacional, ata que se acade a cota máxima de equipos masculinos e femeninos, de acordo coa clasificación na liga respectiva, no intre da convocatoria do campeonato.
2. O sistema de competición é o de Copa do Mundo en masculino e feminino. Os equipos estarán formados por un mínimo de 3 xogadores, que deberán figurar no formulario de inscrición.
3. Os cabezas de serie na proba de equipos masculinos e femeninos, se determinará pola categoría e a clasificación oficial nas ligas, no intre de facer o sorteo.
4. Ó igual que sucede nas ligas, un xogador poderá ser inscrito nun equipo do seu club de superior categoría, tendo en conta o status acadado en liga no intre da disputa.
5. Non se permitirá en ningún caso a inscrición de xogadores estranxeiros en equipo de categoría superior á que xogan en ligas nin tampouco a ningún xogador en equipo diferente ó seu, que sexan da mesma categoría.
6. Dereitos de inscrición:
 - a. 5 € nas probas de individuais e dobres.
 - b. 10 € nas probas de equipos.

CAMPEONATO GALEGO VETERANO

1. As probas a disputar son:
 - a. Equipos masculinos +40, +50, +60, +65 e femeninos.
 - b. Dobres masculinos +40, +50, +60 e femeninos.
 - c. Individuais masculinos +40, +50, +60, +65 e feminina.



2. De non disputarse a proba de equipos femeninos, os inscritos disputarán a proba de equipos masculinos de maior idade, agás petición expresa dos mesmos de participar nunha categoría de menor idade ata +40.
3. De darse o caso de que tampouco houbera proba de +50, pasarían todos a +40.
4. De darse o caso de que non houbera proba de +60 e +65, pasarían todos a +50.
5. De darse algún dos casos anteriores, para que un equipo de +50 ou feminino poida participar na proba de +40, deben inscribir un 3º xogador. De non ser así, non poderían participar.
6. O sistema de competición é Copa do Mundo en +40, e Corbillón en +50, +60, +65 e feminino.
7. Os equipos estarán formados por un mínimo de 3 xogadores en +40, e por un mínimo de 2 xogadores en +50, +60, +65 e feminino.
8. De non poder cubrirse a cota mínima nalgunha das probas, as inscritas xogarán na proba de +60, os inscritos en +65 en +60 e, estes, na proba de +50, e no caso hipotético que tampouco así houbera proba, faríase unha única proba con todos os inscritos, baixo a denominación de +40.
9. De haber menos de 8 parellas femininas inscritas, pasarían á proba de dobres de +60 e, de non haber esta, todos na da +50. O mesmo acontecerá coas parellas de +60 e así sucesivamente.
10. Á marxe das condicións anteriores, os xogadores tanto en individual, dobres, como en equipos, poden inscribirse nas probas de categoría inferior.
11. Dereitos de inscrición:
 - a. 5 € nas probas de individuais e dobres.
 - b. 10 € nas probas de equipos.

CAMPEONATOS GALEGOS SUB-23 / XUVENIL / INFANTIL

1. O sistema de competición é Copa do Mundo para equipos masculinos e Corbillón para femeninos.
2. Os equipos masculinos estarán formados por un mínimo de 3 xogadores e os femeninos por un mínimo de 2 xogadoras.
3. Dereitos de inscrición:
 - a. Sub-23:
 - 5 € nas probas de individuais e dobres.
 - 10 € nas probas de equipos.
 - b. Xuvenil e Infantil:
 - 3 € nas probas de individuais e dobres.
 - 7 € nas probas de equipos.



FEDERACIÓN GALEGA
DE TENIS DE MESA
Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Web: www.fgtm.es
E-mail: secretaria@fgtm.es
CIF: V15149453

 XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



CAMPEONATOS GALEGOS ALEVÍN / BENXAMÍN / PRE-BENXAMÍN

1. O sistema de competición de equipos será o Corbillón, cun mínimo de 2 xogadores.
2. Nas categorías Alevín e Benxamín, poden participar equipos mixtos (xogador e xogadora) no caso de que haxa só unha licenza masculina e/ou unha feminina no mesmo club, que se encadrarán na modalidade de equipos masculinos.
3. A categoría Pre-Benxamín, só se disputará en competición individual mixta.
4. Dereitos de inscrición:
 - a. 1 € nas probas de individuais e dobres.
 - b. 5 € nas probas de equipos.

CAMPEONATOS GALEGOS DISCAPACITADOS FÍSICOS / INTELECTUAIS

1. O campeonato galego de discapacidade física disputarase, de haber a cota mínima, nas modalidades de pé e cadeira, tanto en equipos como en individual. De non haber cota, a fase de equipos será única entre equipos de pé, cadeira ou mixtos (xogadores de pé e cadeira no mesmo equipo).
2. O sistema de competición será o Corbillón, mínimo 2 xogadores por equipo.
3. A competición individual será na primeira fase en grupos e por eliminatoria na fase final.
4. O campeonato de discapacidade intelectual, disputarase na modalidade de individual masculina e feminina.
5. Computarán os 3 mellores xogadores e as 3 mellores xogadoras de cada entidade, para o premio colectivo por equipos.
6. A participación é aberta para tódalas persoas con calquera tipo de discapacidade, que deberán acreditar co seu correspondente certificado oficial. Tamén deberán posuír a súa correspondente licenza federativa ou licenza FEDDF, no caso dos discapacitados físicos, ou licenza FEDDI, no caso dos discapacitados intelectuais.
7. No caso de non posuír ningunha delas, poderase solicitar xunto coa inscrición neste campeonato.

Vigo, 10 de xaneiro de 2020